

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESION EXTRAORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA OITO DE NOVEMBRO DE 2016

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNÁNDEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 12:45 do día 8 de novembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión extraordinaria-urxente da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros, D. Jesus Antonio Fernandez Cal, D^a. Lara Fernandez Fernández-Noriega, así como a Interventora D^a. María Rosa Abelleira Fernández.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A urxencia da sesión fundaméntase pola Alcaldesa no escaso prazo para a xustificación da adxudicación do expte. 984/2016. Por unanimidade dos presentes procédese á ratificación da urxencia da sesión.

Concello de Viveiro

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 984/2016.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte, no treito entre a rúa Luis Trelles e Praza Juan Donapetry”.

Visto o expediente de contratación CT 2016/12, denominado “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte, no treito entre a rúa Luis Trelles e Praza Juan Donapetry”.

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 24 de outubro de 2016 se aprobou o proxecto de obra, o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e a solicitude de presentación de ofertas a catro empresas.

Visto que solicitadas as ofertas, no prazo para a presentación de proposicións foron rexistradas proposicións por parte das seguintes empresas:

Excavaciones Isidoro S.L.
Villasuso Ortegal S.L.
Carferlo S.L.
Excavaciones Ramsei S.L.

Visto que en data 2 de novembro de 2016 pola Mesa de Contratación se procedeu á apertura da documentación administrativa, requerindo a subsanación de documentación á empresa Excavaciones Ramsei S.L. para a presentación da declaración de empresas vinculadas. Subsanándose o requerimento referido, en data 3 de novembro a Mesa de Contratación procedeu á apertura das proposicións presentadas para este contrato, tal e como consta na acta da Mesa de contratación de apertura dos sobres Nº2 das proposicións.

Segundo consta na referida acta da Mesa de Contratación, as ofertas presentadas foron as seguintes:

OFERTAS (Importes	con	PUNTOS (Cláusula	18
----------------------	-----	---------------------	----

Concello de Viveiro

		IVE)	prego cláusulas)
Excavaciones Isidoro S.L.	Económica	95.092,50 €	19,96
	Prazo	2 meses	0
Villasuso Ortegal S.L.	Económica	95.500,00 €	19,88
	Prazo	2 meses	0
Carferlo S.L.	Económica	94.925,52 €	20
	Prazo	2 meses	0
Excavaciones Ramsei S.L.	Económica	95.300,80 €	19,92
	Prazo	2 meses	0

De seguido, vistas as ofertas, non se produciu acto de negociación, segundo a regulación que se contempla na cláusula 7 do prego de cláusulas, ao non asistir ao acto os representantes das empresas licitadoras, que foron previamente convocados, propondo como adxudicataria á empresa Carferlo, S.L., co seguinte resultado:

Oferta da empresa Carferlo, S.L.:

Carferlo S.L.	Económica	94.925,52 €
	Prazo	2 meses

Visto que parte da XGL de data 3 de novembro de 2016 se acordou proceder ao requerimento á empresa Carferlo S.L. da documentación establecida no artigo 151.2 do TRLCSP, referente ó xustificante de ter constituido a garantía definitiva previa á adxudicación do contrato, por importe do 5% do prezo de adjudicación do contrato, excluído o Imposto sobre Valor Engadido, así como da documentación recollida na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas. Resultando que no expediente, remitido polo Servizo de Contratación, consta a presentación da documentación requerida.

Visto o informe de Secretaría, coas observacións recollidas no mesmo, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado "Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte, no treito entre a rúa Luis Trelles e Praza Juan Donapetry". á empresa Carferlo, S.L. con CIF B-27.227.388, por un prezo total de 94.925,52 euros IVE engadido, e por un prazo de 2 meses

Segundo.- A formalización deste contrato coa empresa adxudicataria levarase a cabo no día 8 de novembro.

Terceiro.- Notificar este acordo ó adxudicatario e publicalo no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 13:15 horas do día 8 de novembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.